

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

## **Unha mexicana de 100 anos logra terminar a escola primaria**

### **Manuela Hernández non puido estudar de pequena e decidiu apuntarse a unha escola para adultos**

Unha muller mexicana de 100 anos, que de nena non puido ir á escola pola súa pobreza, acaba de terminar a primaria cun programa especial de educación para adultos.

Manuela, nacida o 17 de xuño de 1913 na cidade de Tuxtepec, relatou que cando era pequena un tío axudouna e puido asistir un tempo á escola, pero só completou o primeiro ciclo porque os seus pais necesitaron que empezase a traballar. «Ao ano seguinte, que eu xa podía lavar e pasar o ferro, xa non me deixaron ir pois lles facía falta no traballo», dixo.

O sistema de educación para adultos é un modelo que permite aos adultos maiores completar a primaria nuns dous anos e medio ou tres, en lugar dos seis habituais.

Con todo, cada caso é diferente. Manuela Hernández tivo que facer só un ano porque xa sabía ler e escribir. «A mellor carreira é o estudo», afirmou despois de recibir o certificado a semana pasada.

A muller, unha ama de casa viúva con dous fillos, contou que lle gusta moito ler, pero que a súa vista xa está cansada e ás veces dificultaselle. Estudar fai da xente «mellores persoas», sinalou.

*La Voz de Galicia, 26/06/2013 (adaptación)*

- 1 Completa estes datos sobre a protagonista da noticia:
- Nome:.....
  - Idade:.....
  - Nacionalidade:.....
  - Nivel de estudos que completou:.....
- 2 Sinala as razóns polas que esta muller non puido ir á escola cando era nena:
- Porque estaba enferma.
  - Pola súa pobreza.
  - Porque non había ningún colexio en Tuxtepec.
  - Porque prefería quedar na casa xogando.
  - Porque os seus pais necesitaban que se puxese a traballar.
- 3 En que tipo de escola completou os seus estudos de Primaria?
- .....
- 4 Cantos cursos compoñen a ensinanza primaria?.....
- Cantos necesitou Manuela para obter o seu certificado?.....
  - Por que ela necesitou menos tempo?.....
- .....
- 5 Que quere dicir que «a mellor carreira é o estudo»? Elixe:
- Que estudar é unha carreira de obstáculos.
  - Que para camiñar pola vida é fundamental ter estudos.
  - Que estudar é un deporte.
- 6 Manuela di que estudar fai da xente «mellores persoas». Estás de acordo? Por que?
- .....
- .....
- .....
- .....